

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL PARA O FINANCIAMENTO DE PROGRAMAS DIRIXIDOS A PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO E DO MANTEMENTO DA FEDERACIÓN E DAS ENTIDADES FEDERADAS PARA O EXERCICIO 2026**

Santiago de Compostela 8 de abril de 2026

**REUNIDOS**

**Dunha parte:**

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

**Doutra parte:**

Don Luciano Fernández Pintor, c [REDACTED], presidente da **Federación Galega de Dano Cerebral** (en adiante **Dano Cerebral Galicia**), que actúa en nome e representación da entidade co NIF G70191051, de acordo co nomeamento outorgado por acordo da Asemblea Xeral celebrada o 21 de setembro de 2024, e segundo o disposto no artigo 42 dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan e teñen conferidas

### **EXPOÑEN**

**I.** Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

**II.** Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

**III.** Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

**IV.** Que Dano Cerebral Galicia, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 2007-184-2, e ten por finalidade a defensa dos intereses das persoas con dano cerebral adquirido de Galicia e acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade. A entidade declarada de utilidade pública, figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa

social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5480.

Dano Cerebral Galicia ten como obxectivos:

- a) Apoio e asistencia ás entidades federadas e familias de persoas con dano cerebral adquirido.
- b) Información, sensibilización, divulgación e investigación sobre o dano cerebral.
- c) Intervención e desenvolvemento de programas e proxectos dirixidos ás entidades federadas e ás persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias.
- d) Representatividade e incidencia política.

Ademais, traballa cos seguintes fins en canto ao apoio integral ás persoas e familias con dano cerebral adquirido :

- a) Valorar se as necesidades poden ser cubertas pola asociación.
- b) Valorar as capacidades de desempeño e recuperación funcional.
- c) Recuperar a capacidade funcional e conseguir unha maior autonomía persoal.
- d) Lograr a maior recuperación funcional e autonomía no día a día.
- e) Controlar os logros conseguidos e mantelos.

**V.** Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con dano cerebral adquirido, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Igualdade subscribir un convenio de colaboración coa entidade Dano Cerebral Galicia para contribuír a través da concesión dunha subvención directa de natureza nominativa ao financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes da entidade para o mantemento da federación e das entidades federadas no exercicio 2026 así como doutros gastos da mesma natureza derivados da execución de programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia dirixidos a persoas con dano cerebral adquirido e ás súas familias, que Dano Cerebral Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2026.

**VI.** Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a subvención nominativa destinada á entidade Dano Cerebral Galicia aparece expresamente reflectida no estado de gastos da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto dos programas subvencionados a través deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura

orgánica da Consellería de Política Social e Igualdad, que concretamente no seu artigo 21, prevé a competencia da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade para a proposta, o impulso, a elaboración das bases, e a tramitación dos procedementos de concesión e seguimento das axudas e subvencións a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

#### **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para contribuír ao desenvolvemento dos programas de atención a persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias e o mantemento de Dano Cerebral Galicia e das entidades federadas, con suxeición ás seguintes

#### **CLÁUSULAS**

##### **PRIMEIRA. *Obxecto***

O obxecto do presente convenio é contribuír a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade dos gastos de persoal e gastos correntes de Dano Cerebral Galicia e das súas entidades federadas para o exercicio 2026 así como doutros gastos da mesma natureza derivados da execución dos programas de atención a persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias que Dano Cerebral Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2026, co fin de procurar acadar a máxima recuperación funcional e de autonomía desde

todas as dimensións de calidade de vida persoal e familiar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dano Cerebral Galicia ten previsto desenvolver no exercicio 2026, entre outras actuacións, os seguintes programas:

a) Programa de fortalecemento da autonomía persoal a través da rehabilitación e recuperación funcional e integral, así como da inclusión social das persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias. As cinco asociacións federadas son as encargadas de proporcionar a atención directa ás persoas con dano cerebral e ás súas familias.

b) Programa de información e asesoramento a familias das persoas afectadas de dano cerebral adquirido no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Programa de coordinación e cohesión de Dano Cerebral Galicia e as asociacións federadas, a través da cobertura de gastos de funcionamento e estruturais. Inclúense as actividades que a federación realiza co fin de continuar co desenvolvemento, unidade e cohesión do movemento asociativo. A Federación executa accións de coordinación, así como de xestión, información e comunicación coas entidades federadas. A execución destas actividades é realizada por un equipo multidisciplinar de profesionais e precisa dos medios e recursos tanto técnicos como materiais que permitan uns resultados de calidade.

Non serán obxecto de este convenio aquelas actividades específicas organizadas pola entidade Dano Cerebral Galicia que non deriven do mantemento e funcionamento ordinario da propia entidade.

Daráselle especial atención á muller con dano cerebral adquirido embarazada e ás súas familias, en cumprimento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, polo que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.

No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades a subvencionar a través do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

### **SEGUNDA. *Obrigas e documentación***

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto cos programas a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para os mesmos programas ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita pola persoa representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Presentación dun método de imputación de custos indirectos.

### **TERCEIRA. *Relación laboral***

Para levar a cabo os obxectivos e fins dos programas a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actuacións dos ditos programas citados.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actuacións que formen parte dos referidos programas, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento.

#### **CUARTA. Orzamento**

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións de mantemento e dos programas que ten previsto desenvolver Dano Cerebral Galicia é de 299.825,16 euros.

Para o cumprimento das actuacións de mantemento e dos programas recollidos na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará **douscentos trinta e nove mil cento oitenta e sete euros (239.187,00€)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **08.04.312E.481.30**, código de proxecto 2015 00492 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

#### **QUINTA. Gastos imputables**

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das actuacións de mantemento e dos programas recollidos na cláusula primeira. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables, conforme ao previsto no artigo 29 da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, e tal como se recolle na memoria económica, os seguintes:

a) Gastos de persoal: custes salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización das actuacións a subvencionar ata un límite de 44.266,18€/ano por persoa traballadora a xornada completa. Este límite só se poderá superar en aplicación de conceptos retributivos incluídos nos

convenios colectivos de aplicación. As retribucións acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.

b) Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao desenvolvemento das actuacións dos programas a subvencionar e deberán ser moderados e limitados ata o límite establecido nas compensacións establecidas para o persoal da administración pública autonómica.

c) Gastos contratados con servizos externos como o transporte que a entidade facilite ás persoas beneficiarias directas dos servizos prestados pola entidade e derivados da asistencia aos mesmos que o precisen e demanden.

d) Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coas actuacións de mantemento de Dano Cerebral Galicia e das entidades federadas ou cos programas obxecto da subvención.

e) Gastos xerais de natureza corrente necesarios para o desenvolvemento das actuacións dos programas a subvencionar así como do mantemento da federación e das entidades federadas: enerxía eléctrica, auga, combustible (se non están incluídos no alugueiro), comunicacións, limpeza, seguridade, seguros de responsabilidade civil.

f) O alugueiro dos locais nos que se desenvolvan as actuacións dos programas subvencionables a través deste convenio debidamente xustificado.

g) Os financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e

registrais e os gastos periciais para a realización das actuacións dos programas subvencionados, así como os de administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

Polo que se refire aos custos indirectos establecerase e xustificarse a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente a realización dos gastos.

#### ***SEXTA. Compatibilidade con outras axudas***

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actuacións a subvencionar que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

#### ***SÉTIMA. Forma de pagamento***

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

b) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades de mantemento e dos programas, aportando a documentación prevista na cláusula oitava do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia así como de que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **OITAVA. *Xustificación de gastos***

1. Considerarase efectivamente pagado o gasto realizado cando se xustifique con anterioridade ao pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados pola entidade beneficiaria. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas aos programas ou mantemento subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar

sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco de forma desagregada dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora.

2. A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actuacións subvencionables a través do convenio, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final das actuacións subvencionables desenvolvidas en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, número de persoas usuarias do programas, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1.º Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos, diferenciando os dedicados a mantemento da federación, daqueles dedicados á prestación dos programas subvencionables a través do presente convenio.

2.º Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación da persoa acreedora e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación, e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicarse neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.

Cando se trate de gastos en bens consumibles pode requirírselle á entidade un informe xustificativo dos consumos realizados, da relación co programa, da razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custo.

3.º Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan os gastos de desprazamento derivados de acudir aos programas que presta a entidade subvencionables, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.

4.º Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.

5.º Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

6.º Os 3 orzamentos solicitados pola persoa beneficiaria, no suposto de gastos de importe superior a 15.000 euros, de acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

7.º Se fose o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

3. A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia na letra b) do número 2 e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por unha persoa auditora de contas inscrita como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o informe da revisión efectuada pola referida persoa auditora de contas, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

- a) Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións dos programas subvencionados e do mantemento previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables especificados na cláusula quinta, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.
- b) Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada na letra b) do número 2, conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes.
- c) Verificación do cumprimento do disposto na cláusula novena en relación coas actividades subcontractadas, no seu caso.
- d) Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima.
- e) Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
- f) Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento do mantemento e das actuacións dos programas subvencionables a través do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

Dano Cerebral Galicia estará obrigada a poñer á disposición da persoa auditora de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

4. En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2026. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Exceptúase desta previsión a xustificación do pagamento das nóminas de decembro, o documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT), e o documento de Relación de liquidacións de cotizacións (RLC) de novembro e decembro, e o IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2026, que se presentará mediante addenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2027.

5. Toda a documentación xustificativa dos gastos a subvencionar a través deste convenio deberá ser asinada pola persoa representante da Dano Cerebral Galicia.

#### **NOVENA. Subcontratación**

Dano Cerebral Galicia é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións financiadas a través do mesmo para a

debida execución das actividades programadas, de acordo co recollido na memoria económica. A autorización baséase na necesidade de execución externa das actividades programadas.

Autorízase a Dano Cerebral Galicia a realizar as actividades da cláusula primeira coas seguintes entidades federadas:

- a) ADACECO: Asociación de dano cerebral da Coruña.
- b) ADACE Lugo: Asociación de dano cerebral adquirido de Lugo.
- c) ALENTO: Asociación de dano cerebral de Vigo.
- d) DCA Ourense: Asociación de dano cerebral adquirido de Ourense.
- e) Asociación de dano cerebral de Santiago de Compostela.

A subcontratación terá por obxecto, a execución das actuacións dos programas de atención a persoas con dano cerebral adquirido e as súas familias que Dano Cerebral Galicia ten previsto desenvolver durante o ano 2026.

Dano Cerebral Galicia deberá probar que dita contratación se realiza nas condicións normais do mercado. Dano Cerebral Galicia, no seu caso, comunicará, a subcontratación á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **DÉCIMA. *Obrigas da entidade beneficiaria***

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

1Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade do presente convenio.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polo presente convenio coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións de mantemento e dos programas subvencionables a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

j) Así mesmo, de acordo co artigo 14.k) da citada lei, facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. *Incumprimentos, reintegros e sancións***

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada polo beneficiario se inclúsen gastos que no respondesen á actividade subvencionada, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. *Vixencia***

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Non obstante, as actuacións subvencionables a través do presente convenio que realizase Dano Cerebral Galicia dende o 1 de xaneiro de 2026 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade .

#### **DÉCIMO TERCEIRA. *Obrigas da publicidade***

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **DÉCIMO CUARTA. *Información básica sobre protección de datos persoais***

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas

en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa da subvención a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos

poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

#### **DÉCIMO QUINTA. *Comisión de seguimento***

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes de Dano Cerebral Galicia,

designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico***

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa no prazo de un mes. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e na data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e  
Igualdade

O presidente de Dano Cerebral  
Galicia

Fabiola García Martínez

Luciano Fernández Pintor